



Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos técnicos

ASUNTO: TRÁMITE DE AUDIENCIA DA MODIFICACIÓN DAS NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA

As Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, aprobadas por Orde do 10 de outubro de 2019 da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, teñen por obxecto unificar os criterios técnicos para a elaboración dos documentos de planeamento urbanístico, a terminoloxía e os conceptos urbanísticos xerais, así como calquera outra cuestión que precise aclaración ou orientación técnica en materia de planeamento urbanístico.

Mediante resolución do 6 de maio de 2021 da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo acordouse o inicio da tramitación da modificación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia ao abeiro do artigo 48 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 89 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve e, de conformidade co artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

En cumprimento do disposto nos artigos sinalados, dáse traslado para o trámite de audiencia da modificación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, para que durante o prazo de un mes poidan examinar o documento e, no seu caso, presentar ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ou a través do correo electrónico sxurb@xunta.gal, as alegacións, observacións e xustificacións que se consideren pertinentes.

O documento da modificación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia que se achega, tamén pode consultarse a través do seguinte enlace:

<http://descargas.xunta.es/0834f1ac-c6ea-428b-bace-74a3565e02061620129205713>

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital
M^a Encarnación Rivas Díaz
Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo



Borrador da ORDE do XX de MM de 2021, pola que se modifica a Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia.

I

A Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do disposto no artigo 27.3 do seu Estatuto de autonomía, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, ten a competencia exclusiva en materia de ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.

En exercicio desa atribución competencial, regúlanse as Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia no artigo 48 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e mais nos artigos 88 e 89 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento, e habilitase á persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo para a súa aprobación.

Dando cumprimento a este mandato normativo, procedeuse á aprobación da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, que entraron en vigor o 25 de maio de 2020.

II

As Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia naceron da necesidade dunha simplificación e normalización técnica dos instrumentos de planeamento urbanístico, co obxecto de facilitar e axilizar a súa elaboración, tramitación e coñecemento.

Teñen por obxecto unificar os criterios técnicos para a formulación dos instrumentos de planeamento, facilitar a integración da información xeográfica urbanística nas infraestruturas dixitais de datos espaciais e posibilitar así un acceso sinxelo aos documentos de planeamento a todos os axentes que participan na planificación do territorio e ao público en xeral.

Esta normativa supuxo un cambio na linguaxe formal e técnica empregada para a elaboración do planeamento que se concibiu coma unha oportunidade de mellora no proceso de redacción e aprobación dos instrumentos de planeamento, sempre na procura dunha maior transparencia e lexibilidade.

Neste troco tivo especial relevancia a determinación de elaborar a documentación gráfica do planeamento en formato compatible cos Sistemas de Información Xeográfica (SIX) que garantan a interoperabilidade da información xeográfica urbanística, así como a súa difusión.

Isto derivou necesariamente na definición dunha serie de parámetros técnicos preceptivos que emprendan o camiño cara unha homoxeneización no aspecto formal dos instrumentos de planeamento.

Con todo, a experiencia acumulada na aplicación das Normas técnicas de planeamento de Galicia puxo de manifesto algunhas dificultades interpretativas na súa aplicación e detectáronse unha serie de insuficiencias na regulación ou determinacións susceptibles de ser revisadas e melloradas.

Asemade, tendo en conta que os Sistemas de Información Xeográfica (SIX) se apoian nunha infraestrutura tecnolóxica en constante evolución, compre actualizar determinados parámetros técnicos para adaptalas a estes cambios.

En definitiva, resulta preciso abordar a seguinte reforma das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia co obxectivo de garantir unha mellor comprensión e aplicación da norma. A este fin responden as principais liñas en que se fundamenta a presente modificación e que se expoñen a continuación.

III

Modifícase a disposición transitoria primeira das Normas técnicas de planeamento de Galicia sobre adaptación do planeamento para simplificar a súa redacción e engadir as modificacións dos instrumentos de planeamento na exención do cumprimento do título II da base cartográfica, facilitando así a súa formulación. Nestes casos, así como no planeamento de desenvolvemento, nas delimitacións de núcleo rural e nos estudos de detalle, poderase empregar a cartografía de orixe e sobre dita base, grafar a ordenación proposta para o ámbito afectado adaptada no que proceda ás normas técnicas.

Na disposición transitoria segunda amplíase a obrigatoriedade de achegar os datos xeográficos do documento de planeamento en soporte vectorial xeorreferenciado para a súa inscrición no Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia en todo caso. Isto facilitará a integración da información xeográfica urbanística de todo o planeamento de Galicia nas infraestruturas de datos espaciais e garantirá a súa veracidade.

IV

No título I das Normas técnicas de planeamento de Galicia sobre criterios de elaboración, presentación e entrega dos documentos de planeamento, modifícanse os seguintes criterios xerais regulados no seu capítulo I.

No artigo 4, o índice xeral do instrumento de planeamento pasa a ser un documento independente e deixa de estar integrado na memoria xeral como ata o de agora, co obxectivo de que o acceso a este documento sexa o mais intuitivo posible. Asemade, mellórase a redacción para que cada un dos documentos e arquivos dos que se compoñe o instrumento dispoña dun índice propio que garanta a facilidade do seu manexo.

No artigo 5, lémbrese a aplicación do principio de interoperabilidade na elaboración da documentación escrita que garanta o acceso a esta documentación en soporte editable e aclárase que o formato da documentación escrita é libre, non estando restrinxida ao tamaño A4.

No artigo 6, regúlase a posibilidade de empregar un sistema de marcos libre, non oficial, na división en follas da cartografía elaborada en escalas diferentes a 1:10 000 e 1:5 000. Isto mellorará a lectura dos documentos gráficos da análise do modelo de asentamento poboacional dos núcleos rurais ou das series gráficas dos solos urbanos consolidados, entre outros, ao permitir unha visión centrada da súa ordenación urbanística. Asemade, incorpóranse especificacións de formato, tamaño e posición para os modelos de planos en tamaño A2, ata o de agora non contemplados nas normas técnicas, que se definen no seu anexo 5 modificado.

Mellórase a redacción do artigo 10 sobre a división dos documentos do plan en varios arquivos PDF, unicamente no caso das follas das series de planos da documentación gráfica e cando os arquivos electrónicos excedan de 30 Mb de tamaño, establecendo pautas para a identificación de cada arquivo PDF desagregado.

Amplíase a regulación establecida no artigo 11 para levar a cabo a codificación básica dos instrumentos de planeamento coa intención de evitar problemas na súa interpretación. Clarifícase o dominio do código INE e mais da data do documento, e mellórase a codificación do tipo de instrumento no caso do planeamento de desenvolvemento, doutras figuras de planeamento ou de modificacións de plans xerais para a delimitación de núcleos rurais co propósito de mellorar a lexibilidade do código e evitar interpretacións equívocas. Asemade, afóndase no xeito de codificar as adendas dun documento, así como no caso particular das achegas de varios documentos completos correspondentes á mesma fase de tramitación en momento sucesivos para evitar duplicidades.

De igual xeito, respecto dos preceptos regulados no seu capítulo II sobre o contido e a estrutura do documento dixital, modifícase o artigo 12 para engadir nesta parte da normativa a obrigatoriedade de que os instrumentos de planeamento xeral contén cunha ficha na que se recolla a vixencia do planeamento do concello trala súa aprobación e mais o planeamento que perde a súa vixencia trala súa entrada en vigor.

Se ben esta ficha xa se esixía ata o de agora no artigo 26 das Normas técnicas de planeamento de Galicia, óptase por eliminar este artigo e regular a súa obrigatoriedade fora do seu título III, o que supón unha redución nas esixencias ao planeamento en tramitación que xa acadou a súa aprobación inicial. Asemade, deixa de ser obrigatoria para todos os instrumentos de planeamento e pasa a selo unicamente dos instrumentos de planeamento xeral que no seu proceso de formulación xa deben de elaborar unha análise completa do planeamento do concello, reducindo deste xeito a carga de traballo no caso do planeamento de desenvolvemento ou doutras figuras de planeamento que actúan en ámbitos concretos de ordenación.

Por último, no artigo 13, respecto das series de planos da documentación gráfica, clarifícase a posibilidade de dividir a información en varios planos temáticos cando así o requira a lexibilidade do plano en función do seu contido e co obxectivo de mellorar a súa interpretación.

V

No título II, que regula a base cartográfica que debe de dar soporte á documentación gráfica dos instrumentos de planeamento urbanístico, modifícase o artigo 18 para adaptalo ao réxime competencial da Comunidade Autónoma de Galicia respecto da elaboración de cartografía a escala 1:5 000, ou de menor detalle, e da súa posta a disposición pública a medida que está dispoñible no portal de mapas de Información Xeográfica de Galicia.

Asemade, restrínxese a comprobación da cartografía posta a disposición do Instituto de Estudos do Territorio á elaborada a escala 1:5 000, e dáse cobertura normativa á integración no Sistema de Información Territorial de Galicia de, cando menos, a cartografía elaborada a escala 1:5 000 para os documentos de planeamento xeral en virtude do principio de interoperabilidade e difusión dos datos xeográficos.

VI

Durante a aplicación práctica das Normas técnicas de planeamento, puxéronse de manifesto dificultades tecnolóxicas dos actores participantes no proceso de formulación do planeamento para dar cumprimento a determinados preceptos sobre a sinatura e o dilixenciado electrónico, regulados no artigo 22 do título III sobre disposicións comúns. Compre por tanto modificar este artigo co propósito de adaptar a súa redacción orixinal ás posibilidades tecnolóxicas do escenario actual e clarificar algúns aspectos da súa aplicación.

No tocante á sinatura electrónica do equipo redactor aclárase que esta non ten que ser visible nos documentos en PDF, se ben debe de ser verificable. Elimínouse a obrigatoriedade de que o espazo reservado para a marca visible da sinatura e dilixenciado electrónico municipal sexa na banda esquerda do documento, se ben mantense no anexo 5 modificado a preferencia desa opción si resulta posible, o que permite deixar o lateral dereito libre para a administración autonómica na procura dunha maior lexibilidade e homoxeneización dos documentos de planeamento inscritos no Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia.

VII

Actualízanse os anexos das Normas técnicas de planeamento para adecuarse ás modificacións operadas no texto normativo, para adaptarse aos constantes cambios e evolucións no sector

tecnolóxico dos Sistemas de Información Xeográfica (SIX) e para mellorar determinados aspectos e solucionar pequenas eivas detectadas na súa redacción orixinal.

Corríxense tres eivas detectadas nas definicións do anexo 1 de abreviaturas respecto dos documentos correspondentes á fase de aprobación inicial e provisional e respecto da tipoloxía de solo de núcleo rural tradicional que estaba incorrectamente nomeada. Asemade, actualízanse as abreviaturas relativas á tramitación e á nomenclatura dos instrumentos de ordenación do territorio, de conformidade cos previstos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

No anexo 2 de simboloxía adóptanse os seguintes cambios:

- Corríxese a eiva detectada no nome da primeira columna dos parámetros de etiquetado que refire ao anexo 4, cando debería de referir ao anexo 3.
- Regúlase como letra alternativa para o etiquetado da información xeográfica a tipo Arial para aqueles casos nos que non se poida empregar a Century Gothic establecida por defecto.
- Aclárase o emprego da simboloxía definida como límite do solo urbano e límite do solo de núcleo rural, tanto no caso das xeometrías que representen a clasificación do solo (SU e SNR), como nas que representan as súas categorías (SUC, SUNC, SNRT e SNRC).
- Auméntase o grosor do perímetro dos solos urbanos non consolidados (SUNC) e dos solos urbanizables (SUB).
- Actualízase a simboloxía e o etiquetado das dotacións urbanísticas para mellorar a súa lexibilidade nos seguintes termos: modifícase a simboloxía e o etiquetado das dotacións que se representan con xeometrías de tipo poligonal (recintos) e os parámetros de etiquetado das dotacións que se representan con xeometrías de tipo lineal (redes) que pasan a etiquetarse nunha liña única, no canto de dúas liñas.
- Aclárase que a simboloxía definida para as redes de servizo (IS) será a mesma para as dotacións do sistema xeral e do sistema local, así como para as dotacións de titularidade privada, distinguíndose entre elas a través do etiquetado.
- Defínese a simboloxía e o etiquetado para as ordenanzas de equipamentos, infraestruturas de servizos, infraestruturas de comunicación e espazos libres e zonas verdes, que resultan de aplicación a todos os instrumentos de planeamento, e actualízanse as ordenanzas do Plan básico autonómico (PBA) correspondentes de conformidade coas anteriores, co obxectivo de facilitar a superposición da simboloxía de sistemas xerais, locais e dotacións privadas nos planos de cualificación nos que se representen as ordenanzas.
- Asemade, respecto dos parámetros de etiquetado de ordenanzas definidos permítese de xeito excepcional eliminar as etiquetas de determinados recintos xeográficos cando o seu volume impide acadar un grao adecuado de lectura dos documentos configurando as súas condicións de posición e densidade, sempre que se garanta a comprensión da ordenanza aplicable en cada parte do territorio a través da simboloxía.
- Nos parámetros de etiquetado definidos para as ordenanzas do Plan básico autonómico (PBA), actualízanse as capas de información xeográfica de conformidade coas modificacións realizadas no anexo 3 que se explicarán a continuación.
- Defínese a simboloxía para as construcións tradicionais e non tradicionais que se atopen en ruínas identificadas na análise do modelo de asentamento poboacional e actualízase a simboloxía definida para as construcións non tradicionais co obxectivo de mellorar a lexibilidade dos planos.
- Auméntase o grosor das liñas de afección das estradas (zona de afección e liña límite de edificación).

No anexo 3, que contén o modelo de datos preceptivo para a información xeográfica vectorial, adóptanse os seguintes cambios:

En xeral, aclárase que os campos definidos neste modelo, así como o seu dominio, considéranse preceptivos, mais permítese a incorporación de novos campos na estrutura da táboa de atributos dos arquivos vectoriais, de ser preciso para un correcto tratamento da información xeográfica.

Respecto dos instrumentos de planeamento xeral:

- Na capa `INE_TIP_AAAAMM_F_1DEL` engádense no dominio do campo “tipo” os valores `NNSSPP` (Normas subsidiarias de planeamento) e `PXOU` (Plan Xeral de Ordenación Urbana) para dar cobertura ás posibles modificacións puntuais destes instrumentos. En consonancia con este cambio amplíase a lonxitude de caracteres do campo.

- Na capa `INE_TIP_AAAAMM_F_3CLAS` inclúense un novo campo “subcod” para incorporar o código identificativo de cada ámbito diferenciado no caso dos núcleos rurais de tipo polinuclear.

- Na capa `INE_TIP_AAAAMM_F_4ORDSUC` inclúese o dominio das ordenanzas de dotacións para calquera instrumento de planeamento, salvo que este aplique as ordenanzas do PBA para as que xa se definía o dominio anteriormente. O dominio proposto é o seguinte: `O-IC`: ordenanza do sistema de infraestruturas de comunicación; `O-IS`: ordenanza do sistema de infraestruturas de redes de servizos; `O-EL`: ordenanza do sistema de espazos libres e zonas verdes; `O-EQ`: ordenanza do sistema de equipamentos.

Asemade, clarifícase que salvo o dominio establecido para as ordenanzas de dotacións e para as ordenanzas do PBA, no resto dos casos o dominio, é dicir, o código da ordenanza, será libre.

- Na capa `INE_TIP_AAAAMM_F_8AMAP` aplícanse os seguintes cambios:

- Inclúense un novo campo “subcod” para incorporar o código identificativo de cada ámbito diferenciado no caso dos núcleos rurais de tipo polinuclear.
- Corríxese unha errata na descrición do campo “nome”.
- Auméntase a lonxitude de caracteres a 255 no texto do campo “INE” e aclárase que Cando un núcleo conteña máis dunha entidade de poboación na súa delimitación, listaranse os códigos INE das distintas entidades de poboación separados por /.
- Elimínase o campo “ordenanza”

- Na capa `INE_TIP_AAAAMM_F_9TRAD` modifícase o dominio do campo “tipo_cons” para incorporar as construcións que se atopen en ruína, e en consonancia con este cambio auméntase a lonxitude de caracteres do campo.

- Na capa `INE_TIP_AAAAMM_F_10METGRA` inclúense un novo campo “subcod” para incorporar o código identificativo de cada ámbito diferenciado no caso dos núcleos rurais de tipo polinuclear e un novo campo “condicion” para indicar se a parcela identificada no documento como edificable se atopa xa edificada na actualidade ou se trata dunha parcela baleira, o que mellorará o proceso de análise da información contida nesta capa.

- Créase unha nova capa `INE_TIP_AAAAMM_F_11ORDSNR` que para engadir a información xeográfica da cualificación do solo de núcleo rural proposto polo plan xeral, é dicir, as ordenanzas.

Respecto dos instrumentos de desenvolvemento:

- Na capa `INE_TIP_AAAAMM_F_2CUAL`:

Inclúese un novo campo “ordenanza”. Nel o dominio das ordenanzas de dotacións é o seguinte: O-IC: ordenanza do sistema de infraestruturas de comunicación; O-IS: ordenanza do sistema de infraestruturas de redes de servizos; O-EL: ordenanza do sistema de espazos libres e zonas verdes; O-EQ: ordenanza do sistema de equipamentos.

No resto dos casos o dominio, é dicir, o código da ordenanza, será libre.

Inclúese un novo campo “cod_recinto” para incorporar o código ou identificación dos recintos ou parcelas resultantes, se procede.

-Engádese unha segunda nota ao pé para aclarar que cando o instrumento de desenvolvemento sexa un plan especial de reforma interior (PERI) en solo de núcleo rural, deberá achegar, ademais dos arquivos vectoriais indicados no punto 2 do anexo 3, os arquivos vectoriais regulados nos puntos 1.8, 1.9, 1.10 e 1.11 para os instrumentos de planeamento xeral, empregando no campo “TIP” da codificación básica o dominio “PERI”.

Respecto das delimitacións de núcleo rural (DNR), regúlase o modelo de datos preceptivo para esta figura, que ata o de agora non estaba contemplada nas NNTTPP, por referencia as capas vectoriais do modelo de datos dos instrumentos de planeamento xeral que lle son de aplicación.

No anexo 4, que regula a estrutura de carpetas e arquivos do documento de planeamento, tanto no seu formato editable como no non editable (PDF), adóptanse os seguintes cambios:

- Regúlase unha nova localización para o índice xeral do documento, en consonancia coa modificación feita no artigo 4 do texto articulado ao respecto, para facelo mais visible e accesible.

- Actualízanse as indicacións para a entrega da documentación en soporte editable co obxectivo de adaptalas á constante evolución dos software de SIX que permiten adoptar novas e máis eficientes metodoloxías de traballo.

- Incorpórase á estrutura dos Plans básicos municipais dous novos planos de información xeral, dotacións e delimitacións de núcleo rural precedentes que se incorporan ao documento de planeamento, de conformidade coa nova redacción do artigo 154 do RLSG dada pola Lei 4/2021, de 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas.

- Incorpórase á estrutura das Delimitacións de núcleo rural unha carpeta específica para a información do catálogo.

No anexo 5, que regula o modelo de cartela e formatos aplicables aos documentos de planeamento, adóptanse os seguintes cambios:

- Créase un modelo de cartela e formato de plano para o tamaño A2 vertical e A2 horizontal.

- Actualízanse as indicacións relativas a sinatura e dilixenciado electrónico dos documentos en soporte non editable (PDF), en consonancia coa modificación do artigo 22 do texto articulado.

- Aclárase que o recadro de liña de puntos que enmarca nos modelos do anexo 5 o espazo reservado para as sinaturas e dilixenciados dixitais, así como para a publicidade das subvencións concedidas, gráfase a efectos ilustrativos mais non debe incorporarse na documentación dos instrumentos de planeamento para non interferir na lexibilidade do seu contido.

- Introdúcese a opción de que no espazo reservado na cartela para o escudo do concello se poida empregar no seu lugar o logo corporativo se este resulta mais representativo e é o empregado de xeito habitual pola administración.

No anexo 6, que regula un formulario tipo para a publicación da información ambiental, aclárase que o bloque correspondente ao “EXTRACTO AMBIENTAL” procede unicamente no caso dos documentos que se teñen sometido á tramitación ambiental estratéxica ordinaria.

No anexo 7, actualízase o modelo para a ficha de vixencia dos instrumentos de planeamento xeral en consonancia coa modificación do artigo 12 e a derogación do artigo 26.

No anexo 8, de conformidade coa nova redacción do artigo 18 que regula a base cartográfica dos instrumentos de planeamento, elimínase o catálogo mínimo de fenómenos cartográficos para a elaboración de cartografía a escalas 1:2000, 1:1000 e 1:500 (BTUG), que pasa a ser libre.

No anexo 9 inclúese o campo para unha segunda pegada dixital tanto no documento en soporte non editable PDF, coma no soporte editable, pois tense detectado que en ocasións e debido ao tamaño dos documentos, o soporte completo non ten cabida nun único arquivo comprimido.

VIII

Esta norma estrutúrase nun único artigo, nunha disposición adicional, nunha disposición derogatoria e nunha disposición derradeira.

Na súa virtude, e no uso das atribucións....

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia

A Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia queda modificada como segue:

Un. Modifícase a disposición transitoria primeira, que queda redactada como segue:

«1. Os instrumentos de planeamento urbanístico que non alcanzasen a aprobación inicial na data de entrada en vigor destas normas técnicas de planeamento (25.05.2020), deberán adaptarse a elas na súa totalidade. Aos que a tiveran alcanzado, unicamente seralles de aplicación o disposto no título III destas.

2. Ás modificacións puntuais, aos planeamentos de desenvolvemento, ás delimitacións de núcleo rural e aos estudos de detalle, o título II das normas técnicas seralles de aplicación unicamente cando o plan ao que se refiran xa estea adaptado a elas.

Nestes casos poderase empregar a cartografía ou planimetría do planeamento de orixe e, sobre esa base, delimitarase o ámbito afectado e grafarase a ordenación proposta, adaptada no que proceda ás Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia. »

Dous. Modifícase a disposición transitoria segunda, que queda redactada como segue:

«En todo caso, os instrumentos de planeamento que se presenten para o seu informe, orde de aprobación ou inscrición no Rexistro, deberán achegar os datos xeográficos do documento en soporte vectorial xeoreferenciado.»

Tres. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 4 da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, que quedan redactados como seguen:

«2. O contido completo do instrumento de planeamento será recollido nun índice xeral que se incorporará no documento dixital conforme a estrutura e codificación de carpetas e arquivos do anexo 4 das normas.

Neste mesmo arquivo, a continuación do índice xeral, indicárase tamén a composición e as titulacións da totalidade dos membros do equipo redactor do instrumento.

3. Sen prexuízo disto, a totalidade dos documentos e arquivos que compoñen o plan conterán un índice propio que garanta a facilidade do seu manexo mediante a sinalización das súas páxinas numeradas ou o acceso ás diferentes partes do documento a través de marcadores que faciliten a navegación, segundo sexa posible en cada caso.

Cando os documentos dixitais non editables dun plan se teñan que dividir en varios arquivos PDF para non superar o límite de tamaño regulado no artigo 10 destas normas, cada un deles deberá contar co seu índice propio, que cumprirá as condicións establecidas no parágrafo anterior. Asemade, o primeiro deles conterá o índice global do documento conxunto no que se indicará de cantos arquivos PDF independentes se compón e o contido de cada un deles.

No caso da documentación gráfica, se o índice ten un formato de papel diferente ao da serie de planos á que corresponda, este achegárase nun arquivo independente que indicará o contido completo da serie desagregado nos arquivos dixitais nos que se divida a serie correctamente identificados.»

Catro. Modifícase o artigo 5 da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, que queda redactado como segue:

«1. A documentación escrita elaborárase mediante o emprego de procesadores de texto, follas de cálculo ou as aplicacións ofimáticas que correspondan segundo o documento concreto de que se trate, seguindo o principio de interoperabilidade da información.

2. Todos os documentos escritos estarán paxinados con numeración correlativa referenciada ao total de páxinas.

3. O formato de papel empregado para elaborar a documentación escrita é libre. En todo caso, para o maquetado e presentación das follas A4 seguiranse as especificacións de formato, tamaño e posición definidas no anexo 5.»

Cinco. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 6 da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, que quedan redactados como seguen:

«2. De ser precisa a división en follas da cartografía a escala 1:10 000 e 1:5 000 para a súa elaboración e presentación, esta división realízase en follas de tamaño A1 segundo os marcos oficiais para a distribución de follas do sistema xeográfico de referencia.

Incluírase en cada plano da serie un gráfico distribuidor das follas numeradas, cos códigos dos planos, no que se remarque a folla que corresponda ao contido do plano.

Cando a a división da cartografía en follas sexa precisa pero resulte de empregar unha escala diferente das anteriores, a elección dos marcos que se empreguen para a subdivisión será libre mais seguirá os principios de máxima sinxeleza e lexibilidade enumerados no artigo 3 destas normas.

3. Para a maquetación e presentación das follas A1, A2 e A3 seguiranse as especificacións de formato, tamaño e posición definidas no anexo 5.»

Seis. Modifícase o número 3 do artigo 10 da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. Como regra xeral, unicamente poderán desagregarse para a súa presentación en arquivos PDF independentes as follas das distintas series de planos da documentación gráfica dos instrumentos de planeamento.»

Sete. Modifícase o número 6 do artigo 10 da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, que queda redactado como segue:

«6. Identificarase claramente a orde dos arquivos desagregados dentro do conxunto total das partes que conforman o documento completo orixinal e numerarase ou identificarase cada parte a continuación do nome definido nestas NNTTPP para o documento. A numeración ou identificación que se estableza estará separada do nome do arquivo mediante un guión baixo e no caso de empregar numeración seriada do un ao nove, esta estará precedida do número 0.»

Oito. Modifícanse as letras a), b), c) e d) do número 1 do artigo 11 da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, que quedan redactados como seguen:

« a) INE é o código do concello asignado polo Instituto Nacional de Estatística (INE), considerando unicamente os seus cinco primeiros díxitos.

b) TIP é o tipo de instrumento de planeamento, sendo o dominio posible:

- Para o planeamento xeral: PXOM: plan xeral de ordenación municipal; PBM: plan básico municipal; NNSSPP: normas subsidiarias de planeamento; PXOU: plan xeral de ordenación urbana; POMR: proxecto de ordenación do medio rural.
- Para o planeamento de desenvolvemento: PP: plan parcial; PE: plan especial; PEP: plan especial de protección; PERI: plan especial de reforma interior; PEPRI: plan especial de protección e reforma interior; PEID: plan especial de infraestruturas e dotacións; PS: plan de sectorización; PAU: programa de actuación urbanística.
- Para outras figuras de planeamento: DNR: delimitación de solo de núcleo rural; ED: estudos de detalle; DSU: delimitación de solo urbano.

No caso do planeamento de desenvolvemento e doutras figuras de planeamento, indicárase a continuación do tipo de instrumento [TIP] e separado deste por un guión baixo (_) unha abreviatura representativa do código ou nome do ámbito, do nome do núcleo ou da numeración correlativa que corresponda segundo o caso, que non exceda de 7 caracteres.

No caso de que se trate dunha modificación dun destes instrumentos, a nomenclatura do tipo de instrumento (TIP) estará precedida das letras MP, no caso de que se trate dunha corrección de erros estará precedida das letras CE e, no caso de tratarse dun documento refundido, das letras DR. Nos tres casos, acompañase a letra co número de modificación, corrección de erros ou texto refundido de que se trate, tendo en conta que a numeración seriada do un ao nove estará precedida do número 0 segundo o seguinte formato: MP01, MP02, MP03...

Asemade, no caso concreto das modificacións puntuais de plan xeral para a delimitación de núcleo rural que adoptan a tramitación dunha delimitación de núcleo rural segundo o artigo 189.3 do Decreto 143/2016, a codificación do tipo de instrumento estará seguida das siglas DNR segundo o seguinte formato: MP01PXOMDNR.

c) AAAAMM é a data do documento achegado en cada fase, identificada co ano e co mes, e referenciada ao momento final deste proceso.

De forma aproximada enténdese que este momento será coincidente no tempo coa data da sinatura electrónica do documento por parte do redactor do plan. Con todo, permítese a existencia de partes do documento asinadas con anterioridade e que se incorporen de novo sen terse modificado o seu contido, se ben na súa nomenclatura si deberán atender á codificación básica empregada para o documento no seu conxunto.

d) F é a identificación dos documentos segundo a fase de tramitación urbanística e ambiental á que correspondan, sendo o dominio posible: B: borrador; AI: documento correspondente á fase de aprobación inicial; PPDEAE: proposta do plan para a formulación da declaración ambiental estratéxica; PPMA: proposta do plan para a formulación da memoria ambiental (naqueles instrumentos que continúan a súa tramitación ao abeiro da Lei 9/2006, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente); AP: documento correspondente á fase de aprobación provisional e AD: documento aprobado definitivamente.

No caso de que se acheguen sucesivas addendas do documento en cada unha das fases, entendendo por addenda a documentación adicional ou complementaria que se achegue a maiores da inicialmente remitida, indicárase a continuación da nomenclatura da fase (F) separada por un guión baixo o número de addenda (ADD). Para isto, a numeración seriada do un ao nove estará precedida do número 0 e seguirase o seguinte formato de codificación: PPDEAE_ADD01, PPDEAE_ADD02... AP_ADD01, AP_ADD02...

Cando se remitan documentos completos correspondentes a unha mesma fase de xeito sucesivo, o modo normal de diferenciarlos será a través da data do documento, mais no caso excepcional de que esta puidese coincidir diferenciaranse engadindo á abreviatura da fase o número que corresponda. Respecto disto, a numeración seriada do un ao nove estará precedida do número 0 e seguirá o seguinte formato de codificación: PPDEAE01, PPDEAE02...AP01, AP02...»

Nove. Engádese un número 2 e un número 3 ao artigo 12 da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, coa seguinte redacción:

«2. Asemade, os instrumentos de planeamento xeral contarán cunha ficha na que se recolla a vixencia do planeamento do concello trala súa aprobación.

3. Nesta ficha, elaborada polo redactor do documento coa información facilitada polo concello, ou polo promotor deste, de ser o caso, deixarase constancia expresa do planeamento completo que resultará vixente no concello tras a entrada en vigor do instrumento de planeamento xeral, incluído este. Asemade, listarase o planeamento que perde a súa vixencia tras esta entrada en vigor.

Esta ficha realizarase segundo o modelo do anexo 7 destas normas e achegarase como un anexo á memoria xustificativa do documento.»

Dez. Modifícase o número 1 do artigo 13 da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, que queda redactado como segue:

«1. Á vista do contido mínimo que indica o RLSG para os diferentes instrumentos de planeamento, da codificación básica que se define nestas normas e dos documentos preceptivos que se regulan nelas, establécese no anexo 4 a preceptiva estrutura e codificación de carpetas e arquivos que se debe seguir na elaboración e presentación dos documentos, co fin de estandarizar e facilitar o seu manexo. Deste xeito, o documento de planeamento en soporte dixital deberá organizarse seguindo a xerarquía e nomenclatura de carpetas definida no anexo 4 e, os arquivos que o compoñan nomearanse segundo a codificación establecida.»

Once. Engádese un segundo parágrafo ao número 5 do artigo 13 da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, coa seguinte redacción:

«A escala mínima de elaboración desta documentación gráfica será a fixada no RLSG e dividírase a información en varios planos temáticos cando así o requira a lexibilidade do plano.»

Doce. Modifícase o artigo 18 da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, que queda redactado como segue:

«1. A documentación gráfica dos instrumentos de planeamento urbanístico deberá ser formulada empregando como soporte unha base cartográfica en formato vectorial.

2. De existir cartografía oficial da Xunta de Galicia a escala 1/5 000, empregarase como soporte para a documentación gráfica dos instrumentos de planeamento que se elaboren a esa escala ou a escalas menores (de menor detalle), actualizándoa no caso de ser preciso. En caso contrario, deberá realizarse unha base cartográfica que cumpra co indicado neste artigo.

A cartografía dispoñible na Xunta de Galicia a escalas 1/5 000 ou 1/10 000 será posta a disposición de todas as persoas interesadas no portal de mapas de Información Xeográfica de Galicia.

3. Para o resto da documentación gráfica dos instrumentos de planeamento que precisen escalas maiores (de maior detalle), quen formule o planeamento deberá simultaneamente producir cartografía á escala necesaria.

4. A base cartográfica completa que se empregue para a formulación do planeamento, en calquera escala, deberá ser achegada como parte do documento de planeamento en formato editable e poderá ser empregada pola Administración autonómica para completar a súa infraestrutura de datos espaciais. Ademais, a cartografía que se actualice ou elabore a escala 1/5 000 será posta a disposición do Instituto de Estudos do Territorio, para os efectos da súa comprobación, segundo o procedemento establecido no artigo 82 do Regulamento da Lei do Solo, e da súa integración no Sistema de Información Territorial de Galicia, se procede.

5. A estes efectos, será obrigatoria, cando menos, a integración no Sistema de Información Territorial de Galicia da cartografía elaborada a escala 1/5 000 para os documentos de planeamento xeral.

6. Co fin de facilitar esta integración, a cartografía que se produza a escala 1/ 5 000, deberá estar harmonizada co disposto neste título das normas técnicas e co seu anexo 8, no que se indica o catálogo mínimo de obxectos xeográficos que debe incorporar a base cartográfica a esta escala.

Asemade, de actualizarse a Base topográfica de Galicia (BTG), respectarase o seu modelo de datos sen alterar as especificacións definidas para cada obxecto xeográfico ou fenómeno contido na base.

7. A tramitación do instrumento de planeamento poderá continuar coas sucesivas fases establecidas no seu procedemento ata acadar a súa aprobación definitiva, con independencia do proceso de comprobación da base cartográfica e da súa integración no Sistema de Información Territorial de Galicia.»

Trece. Engádese un segundo parágrafo ao número 1 do artigo 22 da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, coa seguinte redacción:

«A sinatura electrónica do equipo redactor non ten que ser visible nos documentos en PDF, mais será válida e verificable pola administración que reciba o documento en primeiro termo en cada una das fases do procedemento de tramitación.»

Catorce. Modifícase o número 4 do artigo 22 da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, que queda redactado como segue:

«4. En relación co seu tamaño e posición tomaranse como referencia as indicacións do anexo 5 destas normas técnicas, mentres non se desenvolva a Plataforma Urbanística Dixital de Galicia prevista na disposición adicional primeira da LSG.»

Quince. Modifícanse os anexos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 das Normas técnicas de planeamento de Galicia que se incorporan coa súa nova redacción a esta orde.

Disposición adicional única. *Actualización dos anexos técnicos 1 a 9*

Os anexos 1 a 9 das Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente.

A este efectos, a súa actualización realizarase mediante resolución administrativa do centro directivo con competencias en materia de urbanismo e a publicación do correspondente anuncio no DOG con indicación dos cambios operados.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Queda derogado o artigo 26 da Orde do 10 de outubro de 2019 de aprobación das Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia, e cantas disposicións de igual ou inferior rango normativo se opoñan ao disposto na presente orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación do *Diario Oficial de Galicia*.

En Santiago de Compostela,

Anexo 1: listado de abreviaturas

TEXTOS NORMATIVOS	
LSG	Lei 2/2016 do solo de Galicia
RLSG	Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia
LOUG	Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (norma derogada)
LOT	Lei 1/2021 de ordenación do territorio de Galicia
PBA	Plan básico autonómico
NNTPP	Normas técnicas de planeamento
POL	Plan de ordenación do litoral
DOT	Directrices de ordenación do territorio
FIGURAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO	
PXOM	Plan xeral de ordenación municipal
PBM	Plan básico municipal
NNSSPP	Normas subsidiarias de planeamento (figura de planeamento non vixente ao abeiro da LSG)
PXOU	Plan xeral de ordenación urbana (figura de planeamento non vixente ao abeiro da LSG)
POMR	Proxecto de ordenación do medio rural (figura de planeamento non vixente ao abeiro da LSG)
PP	Plan parcial
PE	Plan especial
PEP	Plan especial de protección
PERI	Plan especial de reforma interior
PEPRI	Plan especial de protección e reforma interior
PEID	Plan especial de infraestruturas e dotacións
PS	Plan sectorización (figura de planeamento non vixente ao abeiro da LSG)
PAU	Programa de actuación urbanística (figura de planeamento non vixente ao abeiro da LSG)
DNR	Delimitacións de solo de núcleo rural
ED	Estudos de detalle
DSU	Delimitación de solo urbano (figura de planeamento non vixente ao abeiro da LSG)
INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	
PTI	Plan territorial integrado
PTE	Plan territorial especial
PLS	Plan sectorial
PIA	Proxectos de interese autonómico
PRS	Proxecto sectorial (en aplicación da disposición transitoria 1ª da LOT)
